

## ACTA Nº 4 DA MESA METROPOLITANA DE TRANSPORTE E MOBILIDADE

Reunidos na Casa Consistorial de Abegondo (A Coruña), sendo as 13:20 h do día 26 de agosto de 2016, previa convocatoria coa orde do día previamente establecido e comunicado aos compoñentes da mesa:

Reunense:

- D<sup>a</sup> Francisca Bestilleiro Rodríguez, en representación do Concello de Abegondo.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Iglesias Iglesias, en representación do Concello de Abegondo e como coordinadora da mesma.
- D. Roberto Chao Gavilán, en representación do Concello de Bergondo.
- D. Juan González Leirós, en representación do Concello de Cambre.
- D<sup>a</sup> María José Varela Neira, en representación do Concello de Oleiros.
- Marta Bosch Pibernat, en representación do Concello de Oleiros.
- D. Francisco X. Montouto Pérez, en representación do Concello de Sada.

Pola Sra. Iglesias Iglesias ábrese a sesión, e procédese a seguir a orde do día:

### 1º Aprobación da Acta nº 3 da sesión anterior:

Sómétese a aprobación a acta nº 3 da reunión anterior que é aprobada por unanimidade.

### 2º Seguimento Acordos Plenos sobre participación licitación concesións:

O representante do Concello de Sada informa que en xuño aprobaron no Pleno o acordo.

E a representante do Concello de Oleiros informa que remitiron o 6 de xullo á Xunta o acordo aprobado no Pleno.

### 3º Comentarios das alegacións presentadas ao Plan de Accesibilidade ó centro da cidade de A Coruña, presentado pola Xunta.

Respecto a alegación conxunta que redactou a cidade de A Coruña ao Plan de Accesibilidade ó centro da cidade de A Coruña presentado pola Xunta, coméntase que non se levou ó Consorcio de As Mariñas para que fora asinado polos Alcaldes pola premura do prazo.

A representante do Concello de Oleiros expresa que o seu concello decidiu presentar alegacións apoiando ás de A Coruña e expresando tamén as súas. Tamén comenta que a Xunta xa lles enviou por correo electrónico as concesións que teñen.

### 4º Planificar Liñas de Actuación para seguir traballando cara un Plan Metropolitano de transporte e mobilidade (autobuses, taxis, tren, bicicletas, ..)

Con respecto a traballar en liñas de actuación para ir elaborando un Plan Metropolitano de transporte e mobilidade tendo en conta non só as liñas de autobuses, débese ir realizando de maneira ordenada e lóxica.

### 5º Rogos e Preguntas

Non hai rogos nen preguntas.

The bottom of the page features several handwritten signatures in blue ink. There are approximately seven distinct signatures, some of which are quite large and stylized, overlapping each other. The signatures appear to be those of the participants mentioned in the list above.

Fixándose a próxima reunión para o venres 30 de setembro de 2016 á 13:00 h na Casa Consistorial de Bergondo.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por finalizada a reunión, sendo as 15:00 h do 26 de agosto de 2016, en Abegondo.

